

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

MESA REDONDA EN BARCELONA

Como de negra é a literatura galega?

Diego Ameixeiras e Xosé Miranda participarán en BCNEGRA nun debate sobre o xénero da novela policial en Galiza.

Redacción - 10:48 22/01/2008

[BCNEGRA](#) debatirá a partir do 4 de febreiro sobre o estado da novela negra. O 5 de febreiro a literatura galega será a protagonista, cunha mesa redonda coordinada por Joaquim Ventura, e na que participarán [Diego Ameixeiras](#) e [Xosé Miranda](#). Debaterase sobre a actualidade do xénero en Galiza, e sobre as últimas novelas policiacas editadas en galego. Ameixeiras porá sobre da mesa a experiencia do detective Horacio Dopico (*O Cidadán do mes* e *Baixo mínimos*), mentres que Xosé Miranda, ao igual que Ameixeiras premio Xerais de novela, adentrouse no xénero con *A tres bandas*.

A Trobada de Novel.la negra de Barcelona celebra este ano a súa terceira edición e está organizada polo [Institut de Cultura](#) da capital catalana.